

De que vai esta Historia?

Unidade 3

Que son as fontes históricas?

Como ben sabes, calquera cousa importante ocorrida no pasado seguramente é unha testemuña que serve para estudar: unha guerra, unha escultura, mapas e pinturas, ósos...

Todos eses exemplos son **FONTES HISTÓRICAS** e nos permiten reconstruír, analizar e interpretar feitos do pasado.



Tipos de fontes históricas

Fontes ESCRITAS. Son o principal recurso dos historiadores. Manuscritos, prensa, cartas, obras literarias, documentos públicos e privados, etc.

Fontes ORAIS. Chegan a través da palabra, da oralidade. Cancións, poemas, historias, etc.

Fontes MATERIAIS. Son os obxectos cotidianos como as pezas de cerámica, os ósos, roupa, etc.

Fontes GRÁFICAS. Son testemuños máis actuáis. Cadros, esculturas, fotografías ou películas, entre outros.

O tempo histórico e a súa medida

Para analizar e comprender mellor todos os acontecementos ocorridos na Historia é necesario ordenalos. Os historiadores se encargan de agrupar os feitos en grandes ou pequenas unidades de medida. (páxina 59)

Lustro: 5 anos

Década: 10 anos

Ano: 365 días


Siglo: 100 anos

Milenio: 1000 anos

Na nosa cultura, organizamos as datas a partir do nacemento de Cristo.
a.C. (antes do seu nacemento) **d.C.** (despois do seu nacemento)

As liñas do tempo

É unha forma de organizar acontecementos dun tema de modo que se visualice dun xeito máis visual a relación entre eles.



Os mapas históricos

Un mapa histórico presenta unha serie de acontecementos ocorridos durante un tempo nun lugar determinado. Cada mapa histórico é diferente, todo depende das intencións que se desexen representar.



A Prehistoria e as etapas da Historia

PREHISTORIA

Desde a aparición dos primeiros seres humanos (hai 2 500 000 de anos) ata a aparición da escritura (hai uns 5 000 anos).

Divídese en tres períodos:

PALEOLÍTICO. O home vive da caza e da recolección. Eran nómades e dominaron o lume.

NEOLÍTICO. O home aprendeu a controlar a agricultura e a gandaría. Fixéronse sedentarios e lograron grandes avances como o tear, a cerámica ou a roda.

IDADE DOS METAIS. Descubriron como traballar o cobre, o bronce e o ferro e formaron as primeiras redes comerciais entre cidades.

A Prehistoria e as etapas da Historia

IDADE ANTIGA

Comenza fai uns 5 000 anos coa aparición da escritura e remata coa caída do Imperio romano no século V d.C.

É a etapa das primeiras civilizacións: Exipto, Grecia e Roma na zona mediterránea ou a China e a India en Asia.



A Prehistoria e as etapas da Historia

IDADE MEDIA

Este periodo abarca desde o século V ata o século XV, tempo do descubrimento de América.

- Pasouse do sistema esclavista ao sistema feudal.
- A nivel relixioso, comenzou a ter moita forza o cristianismo e o islam.
- Coñecida como os séculos escuros pois viña da I. Antiga (explosión de cultura) e foi anterior á I. Moderna (Humanismo e Renacemento).
- Aparición da burguesía (clase social acomodada e con privilexios).

A Prehistoria e as etapas da Historia

IDADE MODERNA

Vai desde o descubrimento de América no 1492 ata a Revolución francesa no século XVIII.

- Grandes avances como a imprenta e descubrimentos científicos e xeográficos.
- Periodo cultural marcado polo chamado Renacemento: volta ao clasicismo en busca da estética e o artístico.
- Revolución industrial grazas ao desenvolvemento de novas máquinas para mellorar os procesos industriais e satisfacer as demandas.

A Prehistoria e as etapas da Historia

IDADE CONTEMPORÁNEA

Vai desde 1789, ano da Rev. Francesa ata os nosos días. Polo tanto é unha etapa que estamos vivindo hoxe.

- Grandes cambios sociais marcados por unha mellora da calidade de vida.
- Importantes inventos como o teléfono, o avión, a bombilla, Internet, etc.
- Globalización: o mundo está aberto a nivel comercial e turístico.